



Cada familia galega que marche de vacacións este verán necesitará conexión para 8 dispositivos electrónicos

- ***Actualmente cada fogar en Galicia conta como media con 8 dispositivos conectados a Internet e o uso da wifi disparouse un 34 % nos últimos 12 meses.***
- ***O regreso da mobilidade e a chegada do verán incrementan a necesidade de contar cunha boa conexión a Internet fóra da vivenda habitual. A solución para garantir a conectividade e os servizos aos que o usuario está habituado é contar cun router propio.***
- ***O mifi é un router 4G dun tamaño similar a un teléfono móbil que permite xerar unha rede wifi segura. Pódense conectar varios dispositivos á vez e abóase unicamente mentres se usa.***
- ***Conéctase á rede eléctrica e ten unha batería de 8 horas de duración, cubrindo gran variedade de necesidades en segundas vivendas, alugueres vacacionais, para os que gozan duns días de descanso e quen precisa teletraballar.***

Mércores, 7 de xullo de 2021. A reactivación da mobilidade incrementou as saídas dos/das galegos/as e, con iso, as súas necesidades de conectividade cambiaron. Esta situación intensifícase coa chegada do verán, cando moitas persoas se trasladan dende a súa residencia habitual a lugares nos que non dispoñen das mesmas ferramentas e conexións. E fan con numerosos dispositivos electrónicos nas súas maletas que necesitan conectar a Internet.

De feito, actualmente cada fogar galego conta cunha media de 8 equipos conectados e o uso do wifi disparouse un 34 % nos últimos 12 meses. A chegada do período estival incrementa a demanda de Internet para estes dispositivos fóra da vivenda habitual e a solución para garantir a conectividade e os servizos aos que o usuario está habituado é contar cun *router* propio.

O mifi é un *router* 4G dun tamaño similar a un teléfono móbil que permite xerar unha rede wifi segura, facendo posible dispor de Internet en tabletas, portátiles, televisións e calquera outro dispositivo, xa que é compatible con todos os equipos. No verán, cando o uso de Internet nos dispositivos móbiles chega a duplicarse, o mifi convértese ademais nunha ferramenta fundamental que os usuarios poden levar consigo a calquera lugar.

Conta, así mesmo, cun importante valor engadido nun contexto como o actual. O confinamento e as restricións á mobilidade fixeron que as persoas necesitasen estar máis conectadas ca nunca, disparando a venda de dispositivos electrónicos nos últimos meses. Agora, eses dispositivos que adquiriron vanos levar de vacacións e van precisar conectalos a Internet. O mifi faíno posible porque se poden conectar varios dispositivos simultaneamente.

Respecto ao pagamento, abóase a demanda, é dicir, acéndese e apágase en función das necesidades de conexión do usuario, que só paga mentres o utiliza. Isto convérteo nunha solución idónea para cubrir unha gran variedade de necesidades, tanto en segundas vivendas como en alugueres vacacionais, dende quen gozan duns días de descanso ata os que precisan teletraballar.

É ideal para quen teña unha segunda vivenda en propiedade na que non pasa suficiente tempo como para instalar banda larga, mais precisa unha solución wifi que dea servizo a toda a familia. É tamén unha ferramenta imprescindible para as persoas que teletraballan dende un lugar distinto ao habitual, especialmente, para as nais e pais que durante o período estival necesitan conciliar o seu traballo coas vacacións dos seus fillos e resúltalles vital dispor dunha boa conexión a Internet.

E, ademais, permite cubrir as necesidades das persoas que contratan o aloxamento, tanto das que queren asegurar unha conexión óptima no hotel ou apartamento onde pasarán as súas vacacións como de quen se hospeda en varios establecementos durante a súa viaxe, mesmo sen ter claro onde se aloxarán ao día seguinte.

O mifi de **R** é un equipo que se conecta á rede eléctrica e que ademais conta cunha batería dunhas 8 horas de duración. É, en definitiva, unha ferramenta flexible que garante a conectividade en calquera momento, circunstancia e lugar.

comunicación R
prensa@mun-do-r.net
R.gal